

# Conde defende a cooperación das marcas Galicia e España para gañar competitividade e oportunidades de negocio no exterior



Escuchar

O conselleiro de Economía e Industria subliña a necesidade de recuperar a confianza económica e empresarial como chave para o crecemento e a xeración de emprego

**Santiago, 25 de xuño de 2013.-** O conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, defendeu hoxe a necesidade de que as Marcas Galicia e España traballen coordinadas para gañar competitividade e oportunidades de negocio nos mercados exteriores. Conde clausurou unha xornada sobre as vantaxes da aposta pola innovación e pola marca na estratexia de internacionalización das empresas, organizado polo Foro de Marcas Renombradas Españolas.

O conselleiro de Economía destacou o valor diferenciador que a Marca Galicia aporta no eido económico, e vinculou o seu atractivo ao traballo desenvolto polas empresas no ámbito da innovación, unido á eficacia e ó talento galego. Ademais, destacou a importancia de que Galicia sexa unha comunidade solvente, que cumpre o déficit, cunhas exportacións que crecen por riba da media española e un PIB que en 2012 evolucionou cinco décimas mellor que o resto do país.

Conde López ligou o desenvolvemento das marcas á recuperación da confianza en institucións, empresas e entidades financeiras, co dobre obxectivo de que o tecido empresarial gañe competitividade fóra e Galicia sume atractivo para atraer investimentos.

Máis alá do beneficio que aportan as marcas, Conde destacou a innovación como ferramenta clave para que as empresas gañen competitividade no seu camiño ao exterior. Neste senso, lembrou que o 60% dos Fondos FEDER cos que contará Galicia no período 2014-20 estarán dedicados a proxectos de innovación, eficiencia enerxética e mellora competitiva das pemes, que se distribuirán seguindo a Estratexia de Especialización Intelixente que a Xunta está a preparar nestes momentos xunto con máis de 200 axentes.



Vídeo coas declaracións do conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde



O Conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, durante a súa intervención nas xornadas organizadas polo Foro de Marcas Renombradas Españolas  
Autor: Conchi Paz